

s
Disposición transitoria segunda. *Estructura orgánica.*

Mentres non se estableza a estrutura das unidades administrativas nas respectivas direccións provinciais da Tesouraría Xeral da Seguridade Social, na forma prevista no artigo 7 do Real decreto 1314/1984, do 20 de xuño, polo que se regula a estrutura e competencias da Tesouraría Xeral da Seguridade Social, segundo a redacción dada pola disposición adicional segunda do Real decreto 469/2003, do 25 de abril, polo que se modifican parcialmente a estrutura orgánica e as funcións do Instituto Nacional da Seguridade Social e da Tesouraría Xeral da Seguridade Social, continuarán subsistentes a estrutura orgánica e os postos de traballo das unidades de recadación executiva actuais, nos termos previstos na disposición transitoria única do citado Real decreto 469/2003, do 25 de abril.

Disposición transitoria terceira. *Mantemento das declaracións de insolvencia nos expedientes de quebra e de suspensión de pagamentos.*

Será circunstancia suficiente para a consideración do debedor principal como insolvente, para efectos de lle exixir o pagamento da débeda ao responsable subsidiario, a declaración de quebra ou a cualificación da insolvencia como definitiva en expediente de suspensión de pagamentos, declaradas de conformidade coa lexislación anterior á entrada en vigor da Lei 22/2003, do 9 de xullo, concursal.

Disposición derradeira primeira. *Aplicación supletoria do Regulamento xeral de recadación do Estado.*

No non previsto neste regulamento e nas disposicións de desenvolvemento que para o efecto se diten, aplicarase á recadación dos recursos do sistema da Seguridade Social, supletoriamente, o Regulamento xeral de recadación do Estado, ben que as referencias que neste se efectúan ao Ministerio de Facenda, Dirección Xeral de Recadación, delegacións de Economía e Facenda e demais órganos de recadación se entenderán feitas, respectivamente, ao Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais, á Dirección Xeral da Tesouraría Xeral da Seguridade Social, ás direccións provinciais e aos demais órganos de recadación da Seguridade Social, que teñan atribuídas funcións análogas en materia recadatoria.

Disposición derradeira segunda. *Facultade de desenvolvemento.*

Facúltase o ministro de Traballo e Asuntos Sociais para ditar, no ámbito das súas competencias, as disposicións necesarias para a aplicación e o desenvolvemento deste regulamento.

XEFATURA DO ESTADO

12010 REAL DECRETO LEI 3/2004, do 25 de xuño, para a racionalización da regulación do salario mínimo interprofesional e para o incremento da súa contía. («BOE» 154, do 26-6-2004.)

I

O artigo 35 da Constitución española, ademais de afirmar que todos os españois teñen o deber de traballar e o dereito ao traballo, recoñécelles aos traballadores

o dereito a unha remuneración suficiente para satisfacer as súas necesidades e as da súa familia.

De acordo coa devandita previsión, o artigo 27 do texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, aprobado polo Real decreto legislativo 1/1995, do 24 de marzo, sinala que lle corresponde ao Goberno determinar anualmente o salario mínimo interprofesional (SMI) e establece os factores que cómpre ter en conta para iso.

A disposición citada constitúe a normativa básica en materia de SMI, en cuxo desenvolvemento se dita anualmente o correspondente real decreto polo que se fixa a súa contía para cada exercicio.

II

O SMI en España tradicionalmente estivo revestido dunhas características especiais, o que o diferencia dos salarios mínimos vixentes nos países da nosa contorna e o fan dificilmente comparable con eles. Estas peculiaridades son fundamentalmente o dobre efecto que se lle atribuíu ao SMI.

Así, o SMI ten, en primeiro lugar, un efecto directo ou estritamente laboral, atribuído polo artigo 27 do texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, de servir de chan ou garantía salarial mínima dos traballadores, ningún dos cales pode percibir polo seu traballo en calquera actividade un salario por debaixo da contía do SMI, actuando como garantía mínima de retribución suficiente.

Neste aspecto, a incidencia do SMI é limitada, dado que se aplica a un número reducido de traballadores, os que non estean cubertos pola negociación colectiva; agora ben, para estes traballadores, o SMI constitúe a súa retribución efectiva e a única garantía de dereito que recoñece a nosa Constitución a unha retribución suficiente.

Dentro deste efecto directo ou laboral, inclúense, loxicamente, os supostos en que o SMI se utiliza como referente para determinar o salario ou retribución dos traballadores, como é o caso, entre outros, dos empregados de fogar, dos penados que realizan actividades laborais en talleres penitenciarios e dos traballadores con contratos para a formación, ou aqueloutros en que serve para concretar aspectos que están intimamente vinculados ao salario dos traballadores, tales como a determinación das garantías, privilexios e preferencias do salario, os límites de responsabilidade do Fondo de Garantía Salarial, a garantía financeira que deben constituír as empresas de traballo temporal, as bases mínimas de cotización á Seguridade Social, o concepto de colocación adecuada do sistema de protección por desemprego ou a contía da subvención dos custos salariais correspondentes aos postos de traballo ocupados polos traballadores con discapacidade nos centros especiais de emprego e aos referidos aos alumnos traballadores nos programas de escolas taller, casas de oficio e talleres de emprego.

Agora ben, ademais do indicado efecto directo ou laboral, o SMI ten múltiples efectos indirectos que se lle viñeron atribuíndo en moi diversas normas legais ou convencionais, sendo precisamente estes efectos os que impediron que o SMI tivese unha evolución máis acorde coa exigencia de suficiencia que se recolle no artigo 35 da Constitución. En contraste coa limitada incidencia do SMI na súa función de garantía salarial mínima, os efectos indirectos do SMI son moi amplos.

Así, en primeiro lugar, o SMI véñese utilizando como indicador de nivel de renda que permite o acceso a determinados beneficios ou a aplicación de determinadas medidas. Por exemplo, na normativa educativa, para a percepción de bolsas de estudos e o pagamento de

taxas; no ámbito procesual, para o acceso aos beneficios da xustiza gratuíta ou a determinación dos anticipos reintegrables; na normativa da vivenda, para o acceso ás vivendas de protección oficial e a revisión de alugueres, ou na normativa fiscal, para a determinación dos mínimos exentos fiscais, ingresos de fillos con dereito a dedución, taxas, imposto de transmisións ou determinados tributos locais, entre outros.

Dentro desta función como indicador do nivel de renda, o SMI utilízase no ámbito sociolaboral como referencia para a determinación dos requisitos de acceso ao subsidio por desemprego, ao subsidio agrario, á renda agraria e á renda activa de inserción, entre outros mecanismos de protección.

Ademais, en segundo lugar, o SMI utilízase como parámetro de referencia para a cuantificación de determinadas prestacións sociais tales como o subsidio por desemprego, o subsidio agrario, a renda agraria ou a renda activa de inserción, así como a fixación dos topes mínimos e máximos da prestación por desemprego de nivel contributivo.

En todos estes casos a repercusión sobre o gasto público é plena, dado que as citadas prestacións aumentan sistematicamente na mesma contía que o salario mínimo interprofesional.

III

A fixación do SMI correspóndelle ao Goberno, de conformidade co establecido no artigo 27 do texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores. De acordo co devandito precepto legal, o Goberno fixará cada ano o SMI, logo de consulta ás organizacións sindicais e empresariais máis representativas e tendo en conta, para isto, o índice de prezos de consumo (IPC), a produtividade media nacional alcanzada, o incremento da participación do traballo na renda nacional e a conxuntura económica xeral. Así mesmo, o devandito precepto legal considera a revisión semestral do SMI no caso de que non se cumpran as previsións do índice de prezos.

Pois ben, malia as devanditas previsións legais, o Goberno veu utilizando nos últimos anos como elemento exclusivo para a actualización do SMI a previsión oficial do índice de prezos de consumo, e non procedeu á súa revisión a pesar de que sistematicamente a maioría dos anos se veu producindo unha desviación do índice real de prezos de consumo respecto ao previsto polo Goberno.

Como consecuencia disto, o crecemento do SMI durante os últimos anos foi inferior ao que realmente tivo o índice de prezos de consumo, e os traballadores perceptores do SMI viron reducida a súa capacidade adquisitiva. En concreto, a perda do poder adquisitivo que tiveron os perceptores do SMI no período comprendido entre 1996 e 2004 estimase arredor do 6,6 por cento.

No debate de investidura celebrado os pasados días 15 e 16 de abril de 2004, o presidente do Goberno sinalou que un dos eixes da acción do Goberno serían as políticas sociais dirixidas a reforzar a cohesión da sociedade e, neste marco, anunciou o compromiso do Goberno de elevar progresivamente o SMI, co fin de recuperar a capacidade adquisitiva que se perdeu nos últimos anos.

Para iso, increméntase neste momento a contía do SMI, fixada no Real decreto 1793/2003, do 26 de decembro, nun 6,6 por cento, que é no que se estima a perda do poder adquisitivo no período 1996-2004, quedando por tanto establecida a nova contía en 16,36 euros/día, 490,80 euros/mes ou 6.871,20 euros en cómputo anual.

A fixación dunha nova contía do SMI acompáñase do establecemento das novas bases mínimas de cotización nos diferentes réximes da Seguridade Social.

IV

Este incremento do SMI enmárcase, ademais, dentro dunha estratexia que está orientada a dignificar a súa contía, a recuperar a súa función estritamente laboral e a desvinculalo doutros efectos ou finalidades distintas. Por iso, o incremento da contía do SMI debe ir acompañado necesariamente dunha racionalización da súa regulación. Iso fai necesario adoptar dous tipos de medidas.

Por unha parte, é necesario determinar os supostos en que se seguirá mantendo a vinculación co SMI; esta tarefa de determinación faise no artigo 1 deste real decreto lei, no cal se establecen os supostos, que antes se indicaron neste preámbulo, en que o SMI actúa como garantía salarial mínima dos traballadores ou como referente para determinar a retribución dalgúns deles ou para concretar determinados aspectos que estean intimamente vinculados co salario; ademais, para evitar que se produzan efectos indesexados, mantéñense vinculados ao SMI os requisitos para o acceso e mantemento das prestacións por desemprego, os requisitos de acceso e, se é o caso, mantemento das pensións de viuvez, orfandade, prestacións en favor de familiares, prestacións familiares e por nacemento ou adopción do terceiro ou sucesivos fillos, así como o importe da prestación económica por parto ou adopción múltiples.

Por outra parte, para evitar que no futuro se siga desvirtuando a finalidade esencial do SMI como garantía salarial mínima dos traballadores, é necesario desvincular do SMI de maneira efectiva os efectos ou finalidades distintas á indicada anteriormente. Esta tarefa tamén se leva a cabo no artigo 1.

Convén sinalar que, por razóns de seguridade xurídica e para evitar que se produzan efectos perturbadores na economía en xeral e na das administracións públicas, simultaneamente á desvinculación dos indicados efectos créase un indicador público de renda de efectos múltiples (IPREM) para a súa utilización como indicador ou referencia do nivel de renda que sirva para determinar a contía de determinadas prestacións ou para acceder a determinados beneficios, prestacións ou servizos públicos, que substituirá o SMI nesta función, de forma obrigatoria para o caso das normas do Estado e de forma potestativa para o caso das comunidades autónomas, das cidades de Ceuta e Melilla e das entidades que integran a Administración local.

Mención diferenciada merece o tratamento especial que se lle dá ao sistema de protección por desemprego, que se traduce en que, con independencia de que as contías das prestacións por desemprego, a partir do 1 de xullo de 2004, se desvinculan do SMI e, en consecuencia, pasan a estar referidas ao IPREM, isto faise de tal forma que permite que o incremento do SMI que se establece neste real decreto lei se estenda tamén aos perceptores de prestacións por desemprego, en particular aos que perciben as contías mínimas.

V

As medidas incluídas neste real decreto lei son o resultado do proceso de consultas desenvolvido no último mes entre o Goberno e as organizacións empresariais e sindicais máis representativas no ámbito estatal: a Confederación Española de Organizacións Empresariais, a Confederación Española da Pequena e a Mediana Empresa, a Unión Xeral de Traballadores e Comisións Obreiras.

Débese sinalar, con todo, que a estratexia para dignificar a contía do SMI e para recuperar a súa función como garantía salarial mínima dos traballadores non se esgota coas medidas que se inclúen neste real decreto lei. O Goberno e os axentes sociais terán que concretar,

s
no marco do diálogo social, cuestións tales como a evolución que vaia ter o SMI ao longo desta lexislatura, os criterios que se poderían ter en conta para a revisión do IPREM e a reforma do artigo 27 do texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores para asentarse sobre novas bases a determinación anual do SMI polo Goberno e para evitar que se produzan perdas do seu poder adquisitivo. Igualmente, deberase analizar a medio prazo a incidencia que poidan ter no sistema de protección por desemprego as modificacións introducidas no devandito sistema por este real decreto lei con vistas á adopción, se é o caso, das medidas correctoras que poidan resultar oportunas.

VI

A importante perda do poder adquisitivo do SMI no período comprendido entre 1996 e 2004, que se valora nun 6,6 por cento, precisa ser corrixida con urxencia, para lles restituír aos traballadores perceptores do SMI a mencionada perda e situar a súa contía nun nivel máis digno e máis acorde coa evolución que tivo o IPC nos últimos anos.

A contribución á efectividade do dereito constitucional do traballador a unha remuneración suficiente para satisfacer as súas necesidades e as da súa familia, a reparación da perda de poder adquisitivo do SMI, a súa aproximación a unha contía máis próxima ao 60 por cento do salario medio dos traballadores tal e como recomenda a Carta Social Europea do Consello de Europa e, en fin, razóns de xustiza social constitúen o obxectivo principal das medidas incluídas neste real decreto lei, entendendo o Goberno que todas elas deben ser postas en práctica con carácter inmediato e que responden ás circunstancias de extraordinaria e urxente necesidade que exige o artigo 86 da Constitución para a utilización do real decreto lei.

Na súa virtude, facendo uso da autorización contida no artigo 86 da Constitución, por proposta do ministro de Traballo e Asuntos Sociais e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 25 de xuño de 2004,

DISPOÑO:

CAPÍTULO I

Racionalización da regulación do salario mínimo interprofesional

Artigo 1. *Desvinculación do salario mínimo interprofesional doutros efectos distintos dos laborais.*

1. Co fin de garantir a función do salario mínimo interprofesional como garantía salarial mínima dos traballadores por conta allea establecida no artigo 27 do texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/1995, do 24 de marzo, e de limitar os seus efectos aos estritamente laborais, a partir da data de entrada en vigor deste real decreto lei o devandito salario desvincularase doutros efectos ou finalidades distintas da indicada anteriormente.

2. De acordo co punto anterior, manterase a vinculación co salario mínimo interprofesional nos supostos que se indican a continuación para determinar:

a) O salario do traballador nos termos e condicións establecidos nas normas reguladoras das relacións laborais de carácter especial a que se refire o artigo 2 do texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores.

b) A retribución do traballador contratado para a formación, nos termos do artigo 11.2 do texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores.

c) As garantías, privilexios e preferencias do salario establecidas no artigo 32 do texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, así como na lexislación procesual civil e na lexislación concursal.

d) Os límites da responsabilidade do Fondo de Garantía Salarial, nos termos do artigo 33 do texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores.

e) O salario correspondente a unha colocación para que esta sexa considerada adecuada para os efectos da protección por desemprego, segundo o disposto no último parágrafo do artigo 231.3 do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/1994, do 20 de xuño.

f) A contía máxima do anticipo a que ten dereito o traballador que obtivese ao seu favor unha sentenza en que se condene o empresario ao pagamento dunha cantidade e contra a que se interpuxese recurso, conforme o artigo 287.3 do texto refundido da Lei de procedemento laboral, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/1995, do 7 de abril.

g) O importe da garantía financeira que deben constituir as empresas de traballo temporal, nos termos establecidos no artigo 3 da Lei 14/1994, do 1 de xuño, pola que se regulan as empresas de traballo temporal.

h) Os límites de referencia das compensacións mínimas que corresponden aos socios de traballo e aos socios das cooperativas de explotación comunitaria da terra, nos termos establecidos, respectivamente, nos artigos 13.4 e 97.5 da Lei 27/1999, do 16 de xuño, de cooperativas.

i) A retribución dos traballadores declarados en situación de incapacidade permanente parcial que se reincorporen á empresa, nos termos establecidos no artigo 1 do Real decreto 1451/1983, do 11 de maio, polo que, en cumprimento do previsto na Lei 13/1982, do 7 de abril, se regula o emprego selectivo e as medidas de fomento do emprego dos traballadores minusválidos.

j) A contía da subvención dos custos salariais correspondentes aos postos de traballo ocupados polos traballadores con discapacidade que presten servizos nos centros especiais de emprego, conforme o previsto na Orde do Ministro de Traballo e Asuntos Sociais do 16 de outubro de 1998, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión das axudas e subvencións públicas destinadas ao fomento da integración laboral dos minusválidos en centros especiais de emprego e traballo autónomo.

k) A contía da subvención dos custos salariais derivados dos contratos que se subscriban cos alumnos traballadores establecida nas seguintes normas:

1.^a A Orde do ministro de Traballo e Asuntos Sociais, do 14 de novembro de 2001, pola que se regulan o programa de escolas taller e casas de oficios e as unidades de promoción e desenvolvemento e pola que se establecen as bases reguladoras da concesión de subvencións públicas aos devanditos programas.

2.^a A Orde do ministro de Traballo e Asuntos Sociais, do 14 de novembro de 2001, pola que se desenvolve o Real decreto 282/1999, do 22 de febreiro, polo que se establece o programa de talleres de emprego, e se establecen as bases reguladoras da concesión de subvencións públicas ao devandito programa.

3. Así mesmo, manterase a vinculación co salario mínimo interprofesional para determinar:

a) As bases mínimas de cotización nos réximes da Seguridade Social, segundo o disposto no artigo 16 do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social.

b) Os requisitos de acceso e, se é o caso, mantemento das pensións de viuvez, orfandade, prestacións en favor de familiares, prestacións familiares e por nacemento ou adopción do terceiro ou sucesivos fillos, así como o importe da prestación económica por parto ou adopción múltiples, establecida no artigo 188 do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social.

c) Os requisitos para o acceso e mantemento das prestacións que integran o sistema de protección por desemprego, nos termos que se determinan no artigo 3.1 deste real decreto lei.

Artigo 2. *Establecemento dun indicador público de renda de efectos múltiples.*

1. Para que se poida utilizar como indicador ou referencia do nivel de renda que sirva para determinar a contía de determinadas prestacións ou para acceder a determinadas prestacións, beneficios ou servizos públicos, e poida substituír nesta función o salario mínimo interprofesional, créase o indicador público de renda de efectos múltiples (IPREM).

2. Anualmente, na Lei de orzamentos xerais do Estado determinarase a contía do citado indicador tendo en conta, polo menos, a previsión ou obxectivo de inflación utilizados nela. Con anterioridade á aprobación do proxecto de Lei anual de orzamentos xerais do Estado, o Goberno consultará as organizacións empresariais e sindicais máis representativas sobre a contía do IPREM.

Malia o anterior, entre o 1 de xullo e o 31 de decembro de 2004, o IPREM terá as seguintes contías:

- a) O IPREM diario, 15,35 euros.
- b) O IPREM mensual, 460,50 euros.
- c) O IPREM anual, 5.526 euros.

d) A contía anual do IPREM será de 6.447 euros cando as correspondentes normas se refiran ao salario mínimo interprofesional en cómputo anual, salvo que expresamente exclúen as pagas extraordinarias; neste caso, a contía será de 5.526 euros.

3. A partir da entrada en vigor deste real decreto lei, as referencias ao salario mínimo interprofesional contidas en normas vixentes do Estado, calquera que sexa o seu rango, entenderanse referidas ao IPREM, salvo as sinaladas no artigo 1 deste real decreto lei e nas súas normas de desenvolvemento.

4. As comunidades autónomas, as cidades de Ceuta e Melilla e as entidades que integran a Administración local poderán utilizar como índice ou referencia de renda o IPREM, sen prexuízo da súa potestade para fixaren indicadores propios no exercicio das competencias que constitucionalmente lles correspondan.

Artigo 3. *Sistema de protección por desemprego.*

1. De acordo co establecido no artigo 1, seguiranse entendendo referidos ao salario mínimo interprofesional, sen modificación do réxime establecido na normativa correspondente, os requisitos de rendas e, se é o caso, de responsabilidades familiares para o acceso e mantemento das seguintes prestacións:

a) A prestación por desemprego do nivel contributivo a que se refire o artigo 206.1.1.a) do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social, en relación co cómputo das rendas dos fillos para fixar as contías máxima e mínima da citada prestación, así como en relación coa estimación de responsabilidades familiares para efectos do previsto no artigo 212.1.b) e c) da devandita lei.

b) O subsidio por desemprego a que se refire o artigo 206.1.2.a) do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social.

c) A renda activa de inserción, establecida na disposición derradeira quinta.4 do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social e nas súas normas de desenvolvemento.

d) O subsidio por desemprego establecido no Real decreto 5/1997, do 10 de xaneiro, polo que se regula o subsidio por desemprego en favor dos traballadores eventuais incluídos no réxime especial agrario da Seguridade Social.

e) A renda agraria establecida no Real decreto 426/2003, do 11 de abril, polo que se regula a renda agraria para os traballadores eventuais incluídos no réxime especial agrario da Seguridade Social residentes nas Comunidades Autónomas de Andalucía e Extremadura.

2. Entenderanse referidas ao IPREM as contías das prestacións sinaladas no punto anterior, nos seguintes termos:

a) As contías máxima e mínima da prestación por desemprego do nivel contributivo, segundo o establecido no artigo 211.3 do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social, na redacción dada pola disposición derradeira primeira deste real decreto lei.

b) A contía do subsidio por desemprego, segundo o establecido no artigo 217.1 e 2 do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social, na redacción dada pola disposición derradeira primeira deste real decreto lei.

c) A contía da renda activa de inserción, establecida na disposición derradeira quinta.4 do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social e nas súas normas de desenvolvemento, será igual ao 80 por cento do IPREM mensual vixente en cada momento.

d) A contía do subsidio por desemprego establecido no Real decreto 5/1997, do 10 de xaneiro, polo que se regula o subsidio por desemprego en favor dos traballadores eventuais incluídos no réxime especial agrario da Seguridade Social, será igual ao 80 por cento do IPREM mensual vixente en cada momento.

e) A contía da renda agraria establecida no Real decreto 426/2003, do 11 de abril, polo que se regula a renda agraria para os traballadores eventuais incluídos no réxime especial agrario da Seguridade Social residentes nas comunidades autónomas de Andalucía e Extremadura, será igual á porcentaxe seguinte do IPREM mensual vixente en cada momento:

Número de xornadas reais	Porcentaxe sobre o IPREM
Desde 35 ata 64	80
Desde 65 ata 94	85
Desde 95 ata 124	91
Desde 125 ata 154	96
Desde 155 ata 179	101
Desde 180	107

3. A referencia ao IPREM non suporá modificación ningunha do réxime establecido nas normas reguladoras das prestacións, salvo as derivadas do establecido no punto anterior.

4. Manterase a vinculación co salario mínimo interprofesional da contía das percepcións que, de acordo co artigo 38.4 do Real decreto 1445/1982, do 25 de xuño, modificado polo Real decreto 1809/1986, do 28 xuño, se lles deben garantir aos perceptores de prestacións por desemprego en relación cos traballos de colaboración social que realicen conforme o previsto no artigo 213.3 do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social.

e

CAPÍTULO II

Incremento da contía do salario mínimo interprofesional**Artigo 4. Nova contía do salario mínimo interprofesional.**

1. As contías do salario mínimo interprofesional establecidas no Real decreto 1793/2003, do 26 de decembro, polo que se fixa o salario mínimo interprofesional para 2004, quedan modificadas nos seguintes termos:

a) O salario mínimo para calquera actividade na agricultura, na industria e nos servizos, sen distinción de sexo nin idade dos traballadores, queda fixado en 16,36 euros/día, 490,80 euros/mes ou 6.871,20 euros en cómputo anual.

b) A contía do salario profesional dos traballadores eventuais e temporeiros cuxos servizos a unha mesma empresa non excedan de 120 días en ningún caso poderá resultar inferior a 23,24 euros por xornada legal na actividade.

c) De acordo co artigo 6.5 do Real decreto 1424/1985, do 1 de agosto, que toma como referencia para a determinación do salario mínimo dos empregados de fogar que traballen por horas o fixado para os traballadores eventuais e temporeiros, o salario mínimo dos devanditos empregados de fogar será de 3,83 euros por hora efectivamente traballada.

2. Sen prexuízo da aplicación das contías a que se refire o punto anterior, a regulación do salario mínimo interprofesional será a establecida no Real decreto 1793/2003, do 26 de decembro, polo que se fixa o salario mínimo interprofesional para 2004.

3. As contías do salario mínimo interprofesional que se establecen no punto 1 aplicaranse desde o 1 de xullo ata o 31 de decembro de 2004 e revisaranse, para 2005 e anos sucesivos, conforme o disposto no artigo 27 do texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores.

Artigo 5. Bases mínimas de cotización dos réximes da Seguridade Social.

A partir da entrada en vigor deste real decreto lei, as bases mínimas ou fixas dos réximes da Seguridade Social que a continuación se indican serán as seguintes:

Un. Tope mínimo de cotización.—O tope mínimo de cotización para as continxencias de accidentes de traballo e enfermidades profesionais será equivalente ao salario mínimo interprofesional vixente en cada momento, incrementado polo rateo das percepcións de vencemento superior ao mensual que perciba o traballador, sen que poida ser inferior a 572,70 euros mensuais.

Dous. Réxime xeral da Seguridade Social.—As bases mínimas de cotización do réxime xeral da Seguridade Social por continxencias comúns serán, para cada grupo e categoría profesional, as seguintes:

Grupo de cotización	Categorías profesionais	Bases mínimas — Euros/mes
1	Enxeñeiros e licenciados, persoal de alta dirección non incluído no artigo 1.3.c) do Estatuto dos traballadores	799,80
2	Enxeñeiros técnicos, peritos e axudantes titulados	663,60
3	Xefes administrativos e de taller	576,90
4	Axudantes non titulados	572,70

Grupo de cotización	Categorías profesionais	Bases mínimas — Euros/mes
5	Oficiais administrativos	572,70
6	Subalternos	572,70
7	Auxiliares administrativos	572,70

Grupo de cotización	Categorías profesionais	Bases mínimas — Euros/día
8	Oficiais de primeira e segunda	19,09
9	Oficiais de terceira e especialistas ..	19,09
10	Peóns	19,09
11	Traballadores menores de 18 anos, calquera que sexa a súa categoría profesional	19,09

Tres. Réxime especial agrario.

1. As bases mensuais e a cota fixa mensual resultante, aplicables para os traballadores por conta allea, serán as seguintes:

Grupo de cotización	Categorías profesionais	Base diaria de cotización — Euros/mes	Cota fixa — Euros/mes
1	Enxeñeiros e licenciados, persoal de alta dirección non incluído no artigo 1.3.c) do Estatuto dos traballadores	838,50	96,43
2	Enxeñeiros técnicos, peritos e axudantes titulados	695,40	79,97
3	Xefes administrativos e de taller	604,80	69,55
4	Axudantes non titulados	572,70	65,86
5	Oficiais administrativos	572,70	65,86
6	Subalternos	572,70	65,86
7	Auxiliares administrativos ..	572,70	65,86
8	Oficiais de primeira e segunda	572,70	65,86
9	Oficiais de terceira e especialistas	572,70	65,86
10	Traballadores maiores de 18 anos non cualificados	572,70	65,86
11	Traballadores menores de 18 anos, calquera que sexa a súa categoría profesional	572,70	65,86

2. As bases diarias de cotización por xornadas reais, correspondentes a cada un dos grupos de traballadores que realicen traballos agrarios por conta allea, serán, para os diferentes grupos de cotización, as seguintes:

Grupo de cotización	Categorías profesionais	Base diaria de cotización — Euros/mes
1	Enxeñeiros e licenciados, persoal de alta dirección non incluído no artigo 1.3.c) do Estatuto dos traballadores	37,29
2	Enxeñeiros técnicos, peritos e axudantes titulados	30,92

Grupo de cotización	Categorías profesionais	Base diaria de cotización — Euros/mes
3	Xefes administrativos e de taller	26,89
4	Axudantes non titulados	25,47
5	Oficiais administrativos	25,47
6	Subalternos	25,47
7	Auxiliares administrativos	25,47
8	Oficiais de primeira e segunda	25,47
9	Oficiais de terceira e especialistas ..	25,47
10	Traballadores maiores de 18 anos non cualificados	25,47
11	Traballadores menores de 18 anos, calquera que sexa a súa categoría profesional	25,47

Catro. Réxime especial de traballadores autónomos.—No suposto de traballadores incluídos no réxime especial de traballadores autónomos de 30 ou menos anos de idade, ou de mulleres de 45 ou máis anos, a que se refire a disposición adicional trixésimo quinta do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social, o límite mínimo de elección de base de cotización queda situado en 572,70 euros mensuais.

Cinco. Réxime especial de empregados de fogar.—A base de cotización ao réxime especial de empregados de fogar será de 572,70 euros mensuais.

Seis. Réxime especial de traballadores do mar e da minaría do carbón.—O previsto nos puntos un e dous deste artigo será de aplicación nos réximes especiais de traballadores do mar e da minaría do carbón.

Sete. Cotización nos supostos de contratos a tempo parcial.

1. A base mínima de cotización, para efectos de contingencias profesionais e doutros conceptos de recadación conxunta, nos contratos a tempo parcial non poderá ser inferior a 2,85 euros por cada hora traballada.

2. As bases mínimas horarias de cotización por contingencias comúns aplicables aos traballadores con contratos a tempo parcial serán as seguintes:

Grupo de cotización	Categorías profesionais	Bases mínimas — Euros/mes
1	Enxeñeiros e licenciados, persoal de alta dirección non incluído no artigo 1.3.c) do Estatuto dos traballadores	4,01
2	Enxeñeiros técnicos, peritos e axudantes titulados	3,32
3	Xefes administrativos e de taller	2,89
4	Axudantes non titulados	2,85
5	Oficiais administrativos	2,85
6	Subalternos	2,85
7	Auxiliares administrativos	2,85
8	Oficiais de primeira e segunda	2,85
9	Oficiais de terceira e especialistas ..	2,85
10	Peóns	2,85
11	Traballadores menores de 18 anos, calquera que sexa a súa categoría profesional	2,85

Disposición transitoria primeira. *Regras de afectación da nova contía do salario mínimo interprofesional nos convenios colectivos.*

1. As contías do salario mínimo interprofesional establecidas no Real decreto 1793/2003, do 26 de decembro, salvo que as partes lexitimadas acorden a aplicación das novas contías do salario mínimo interprofesional e dado o carácter excepcional do incremento establecido por este real decreto lei, continuarán sendo de aplicación durante 2004 aos convenios colectivos vixentes á data de entrada en vigor deste real decreto lei que utilicen o salario mínimo interprofesional como referencia para determinar a contía ou o incremento do salario base ou de complementos salariais.

2. Cando a vixencia dos devanditos convenios exceda de 2004, salvo acordo en contrario, a contía do salario mínimo interprofesional entenderase referida, para os anos seguintes, á que estaba vixente na data de entrada en vigor deste real decreto lei incrementada segundo a previsión ou obxectivo de inflación utilizados na correspondente Lei de orzamentos xerais do Estado.

3. O disposto nos puntos anteriores enténdese sen prexuízo de que deban ser modificados os salarios establecidos en convenio colectivo inferiores no seu conxunto e en cómputo anual ás contías do salario mínimo interprofesional vixente en cada momento na contía necesaria para asegurar a percepción das devanditas contías, sendo de aplicación as regras sobre compensación e absorción que se establecen nos reais decretos polos que anualmente se fixa o salario mínimo.

Disposición transitoria segunda. *Non afectación da nova contía do salario mínimo interprofesional nas referencias contidas en normas non estatais e relacións privadas.*

1. Dado o carácter excepcional do incremento establecido por este real decreto lei, as novas contías do salario mínimo interprofesional que se establecen non lles serán de aplicación:

a) Ás normas vixentes á data de entrada en vigor deste real decreto lei das comunidades autónomas, das cidades de Ceuta e Melilla e das entidades que integran a Administración local que utilicen o salario mínimo interprofesional como indicador ou referencia do nivel de renda para determinar a contía de determinadas prestacións ou para acceder a determinadas prestacións, beneficios ou servizos públicos, salvo disposición expresa en contrario das propias comunidades autónomas, das cidades de Ceuta e Melilla ou das entidades que integran a Administración local.

b) A calquera contrato e pacto de natureza privada vixente na data de entrada en vigor deste real decreto lei que utilice o salario mínimo interprofesional como referencia para calquera efecto, salvo que as partes acorden a aplicación das novas contías do salario mínimo interprofesional.

2. Nos supostos a que se refire o punto anterior, salvo disposición ou acordo en contrario, a contía do salario mínimo interprofesional entenderase referida durante 2004 á que estaba vixente na data de entrada en vigor deste real decreto lei, incrementada para os anos seguintes na mesma porcentaxe en que se incrementa o IPREM.

3. O disposto nos puntos anteriores enténdese sen prexuízo de que deban ser modificados os salarios establecidos en contratos ou pactos de natureza privada inferiores no seu conxunto e en cómputo anual ás contías do salario mínimo interprofesional vixente en cada

e momento na contía necesaria para asegurar a percepción das devanditas contías, sendo de aplicación as regras sobre compensación e absorción que se establecen nos reais decretos polos que anualmente se fixa o salario mínimo.

Disposición derradeira primeira. *Modificación do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto legislativo 1/1994, do 20 de xuño.*

O texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto legislativo 1/1994, do 20 de xuño, modifícase nos seguintes termos:

Un. O punto 3 do artigo 211 queda redactado do modo seguinte:

«3. A contía máxima da prestación por desemprego será do 175 por cento do indicador público de rendas de efectos múltiples, salvo cando o traballador teña un ou máis fillos ao seu cargo; en tal caso, a contía será, respectivamente, do 200 por cento ou do 225 por cento do devandito indicador.

A contía mínima da prestación por desemprego será do 107 por cento ou do 80 por cento do indicador público de rendas de efectos múltiples, segundo que o traballador teña ou non, respectivamente, fillos ao seu cargo.

En caso de desemprego por perda de emprego a tempo parcial, as contías máxima e mínima a que se refiren os parágrafos anteriores determináranse tendo en conta o indicador público de rendas de efectos múltiples en función das horas traballadas.

Para os efectos do previsto neste punto, terase en conta o indicador público de rendas de efectos múltiples mensual, incrementado nunha sexta parte, vixente no momento do nacemento do dereito.»

Dous. Os puntos 1 e 2 do artigo 217 quedan redactados do modo seguinte:

«1. A contía do subsidio por desemprego será igual ao 80 por cento do indicador público de rendas de efectos múltiples mensual vixente en cada momento.

No caso de desemprego por perda dun traballo a tempo parcial, a devandita contía percibirase en proporción ás horas previamente traballadas, nos supostos previstos nas alíneas a) e b) do punto 1.1, e nos puntos 1.2, 1.3 e 1.4 do artigo 215.

2. Malia o anterior, a contía do subsidio especial para maiores de 45 anos a que se refire o punto 1.4 do artigo 215 determinarase en función das responsabilidades familiares do traballador, apreciadas conforme o disposto no punto 2 do citado artigo, de acordo coas seguintes porcentaxes do indicador público de rendas de efectos múltiples mensual vixente en cada momento:

a) 80 por cento, cando o traballador teña un ou ningún familiar ao seu cargo.

b) 107 por cento, cando o traballador teña dous familiares ao seu cargo.

c) 133 por cento, cando o traballador teña tres ou máis familiares ao seu cargo.»

Tres. A prestación por incapacidade temporal no suposto previsto no artigo 222.3, parágrafo segundo, do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social terá unha contía igual ao 80 por cento do indicador público de rendas de efectos múltiples mensual.

Disposición derradeira segunda. *Fundamento constitucional.*

Este real decreto lei dítase ao abeiro do artigo 149.1.7.^a, 13.^a e 17.^a da Constitución, que establece a competencia exclusiva do Estado en materia de lexislación laboral, bases e planificación xeral da actividade económica e lexislación básica e réxime económico da Seguridade Social.

Disposición derradeira terceira. *Desenvolvemento regulamentario.*

1. Autorízase o Goberno para ditar cantas disposicións sexan necesarias para o desenvolvemento e execución deste real decreto lei.

2. As referencias a reais decretos e ordes ministeriais incluídas neste real decreto lei enténdense sen prexuízo da facultade do Goberno e dos titulares dos departamentos ministeriais de procederen á súa modificación ou derogación no exercicio da potestade regulamentaria.

Disposición derradeira cuarta. *Entrada en vigor.*

O presente real decreto lei entrará en vigor o 1 de xullo de 2004.

Dado en Madrid o 25 de xuño de 2004.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
JOSÉ LUIS RODRÍGUEZ ZAPATERO

MINISTERIO DE AGRICULTURA, PESCA E ALIMENTACIÓN

12011 REAL DECRETO 1547/2004, do 25 de xuño, polo que se establecen normas de ordenación das explotacións cunícolas. («BOE» 154, do 26-6-2004.)

A cunicultura, como actividade pecuaria, experimentou nos últimos anos unha importante evolución e atinxiu un considerable relevo e un crecente interese.

Esta evolución deu lugar a unha realidade produtiva, económica, sanitaria e ambiental do sector cunícola que precisa dunha adecuada ordenación das explotacións, de igual forma que se levou a cabo con outros sectores produtivos, como o porcino ou o apícola, en desenvolvemento e aplicación da Lei 8/2003, do 24 de abril, de sanidade animal.

O obxectivo básico da ordenación do sector é promover a súa evolución equilibrada a través da racionalización dos factores zootécnicos, sanitarios e ambientais relacionados coa produción cunícola.

Na elaboración deste real decreto foron consultadas as comunidades autónomas e os sectores afectados.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Agricultura, Pesca e Alimentación, coa aprobación previa do ministro de Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 25 de xuño de 2004,